

O Sahara occidental e a diplomacia do esgotamento

Description

Mentres o mundo est expectante para saber do sentido do informe dos inspectores da ONU, a resposta do Consello de Seguridade e da inminencia da guerra, James Baker, o representante especial do secretario xeral das Nacións Unidas para o Sahara Occidental, percorreu durante catro das distintas capitais relacionadas co futuro do Sahara Occidental: Marrocos, Arxelia, Mauritania e Tinduf.

Formalmente, o motivo da xira consista en explorar a situacin do contencioso para fundamentar a decisin do Consello de Seguridade a propsito da prrroga ou non do mandato da misin das Nacións Unidas para o referendo nese territorio (MINURSO). Pero Baker avanzaba tamn unha proposta modificada do "acordo marco" presentado hai dous anos. En que consista? Previa celebracin de eleccins, o Shara Occidental adquire o estatuto de territorio autnomo, baixo soberana marroquina, cando menos ata 2007 ou 2008, ano en que se debera celebrar un referendo de autodeterminacin.

A proposta do "acordo marco" contemplaba a concesn de autonoma  Sahara Occidental, no marco do Reino de Marrocos, e unha consulta, pasados cinco anos, sobre o futuro do territorio na que poderan participar saharaus e marroqus, cun resultado mis que previsible.

Anda que Baker non quixo facer pblicos os detalles da nova proposicin, segundo fontes diplomticas, esta non difire moito do plan do 2001. agora, trala marcha do enviado especial semella claro que o mandato da MINURSO deber ampliarse, cando menos tres meses mis, tal e como se ven facendo ltimamente ante a imposibilidade de atopar unha solucin definitiva.

Para a Fronte Polisario, a pesares da promesa do novo Plan de dar mis poder  futuro goberno autnomo que sera elixido polos saharaus que figuran no censo provisional da ONU, non hai outra sada que Marrocos deixe de poer trabas  celebracin dun referendo xa e que de ser aprazado ata dentro de cinco anos sera secundado unicamente pola poboacin marroqu, propsito buscado polo Reino alauita alongando e manipulando a realizacin do censo.

E os aliados? Alxeria anda non se pronunciou respecto da nova proposta. EEUU trata de incrementar a sa influencia neste aliado decisivo da causa saharau, ao que xa prometeron equipamento militar. Por outra banda, hai quen vincula a Baker co lobby petrolfero: catro meses despois de presentar o Acordo Marco anterior, Rabat asinaba pactos de prospeccin petrolfera con das compaas de Estados Unidos, e curiosamente, o mediador onusino era accionista dunha delas. Estes intereses reforzan igualmente as inclinacins francfonas. E sen perder de vista as manobras militares que tropas marroqus e estadounidenses realizan conxuntamente no sur do pas africano.

Os saharaus levan nesta situacin 27 anos e non acreditan nunha solucin prxima, o que pode dar lugar  regreso  loita armada. Unha descolonizacin mal feita "que obriga a Espaa a implicarse activamente- e os intereses cruzados das grandes potencias marcan a vida e o futuro de milleiros de persoas mentres a aplicacin da xustiza, tan evidente neste caso, se demora ad infinitum.  a diplomacia do esgotamento na que tantas veces se destragan as potencialidades e recursos da ONU.

[Acceso ao artigo orixinal no repositorio web 1998-2012](#)

APARTADOSTEMATICOXEOGRAFICOS

frica ARQUIVO

IDIOMA

Galego

Date Created

Xaneiro 28, 2003

Meta Fields

Autoria : 3868

Datapublicacion : 2003-01-28 00:00:00